



ANUNCIO

APROBACIÓN DA BOLSA DE TRABALLO E CHAMAMENTO PARA CUBRIR UN POSTO

EXPEDIENTE: CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A (C2), MEDIANTE CONCURSO OPOSICIÓN LIBRE, COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A DO CONCELLO DE VIMIANZO.

EXPTE. TEDEC: 2025/E001/000012

A Alcaldía, con data 11-09-2025, ditou a Resolución 1362/2025 que a continuación se transcribe:

“ANTECEDENTES

A Alcaldía, con data 15/07/2025, ditou a Resolución 1031/2025 que aprobou as bases reguladoras da convocatoria do proceso selectivo, mediante o sistema de concurso-oposición libre, para a creación dunha bolsa de traballo para a provisión de postos de auxiliar administrativo/a, como funcionario/a interino/a, cando se dea algunha das circunstancias establecidas no artigo 10.1 do TREBEP.

A lista definitiva de admisión foi aprobada por Resolución de Alcaldía núm. 1215/2025, do 13/08/2025.

Constan no expediente as actas do tribunal e a última delas, con data do 10/09/2025, recolle a resolución de alegacións ás notas e a proposta definitiva de bolsa de traballo.

Procede a cobertura dun posto de auxiliar administrativo/a na área de Secretaría por acumulación de tarefas, dado que un funcionario de Rexistro está de baixa e que outros traballadores teñen pendende de desfrutar o seu período de vacacións.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

A base oitava regula a constitución da bolsa de traballo, os chamamentos e o nomeamento.

Tendo en conta o anterior, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar a seguinte bolsa de traballo para a provisión de postos de auxiliar administrativo/a no Concello de Vimianzo, como funcionario/a interino/a, cando se dea algunha das circunstancias establecidas no artigo 10.1 do TREBEP e do artigo 23 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do empregado público de Galicia:



	EXPTE	APELIDOS	NOME	DNI	TOTAL
--	-------	----------	------	-----	-------

1	2025/E002/000138	PEREZ GARCIA	ANA MARIA		80,00
2	2025/E002/000167	PASTORIZA GARCIA	MARIA JOSE		74,83
3	2025/E002/000159	AMIGO CASTAÑEIRA	ALBA		74,38
4	2025/E002/000157	FERNANDEZ LAGO	FANNY MARIA		71,00
5	2025/E002/000168	VÁZQUEZ RODRIGUEZ	ADRIAN		66,55
6	2025/E002/000177	FERREIRO FUENTES	RAMON		65,45
7	2025/E002/000161	LEIRA LOPEZ	ROSA LORENA		64,45
8	2025/E002/000158	CALVIÑO CALVIÑO	YOLANDA		64,00
9	2025/E002/000145	BARREIRO VIGO	MARIA ISABEL		63,00
10	2025/E002/000163	DIAZ COTELO	PABLO		63,00
11	2025/E002/000174	ROJO PALLAS	PATRICIA		60,90
12	2025/E002/000164	LOPEZ RODRIGUEZ	DARIO		60,00
13	2025/E002/000160	ROMERO SUAREZ	BEGOÑA		58,42
14	2025/E002/000129	GARCIA DOMINGUEZ	JOSE FRANCISCO		55,00
15	2025/E002/000171	ROMERO SANTOS	LAURA		54,00
16	2025/E002/000133	MELLA LEMA	TANIA		53,00
17	2025/E002/000172	SENDON VILLAR	CARMEN		51,00
18	2025/E002/000126	HERMIDA GRILLE	CHRISTIAN JOSE		49,00
19	2025/E002/000144	BALMAEDA PEREZ DE ALGABA	MARIA LUISA		41,00

Segundo.- Aprobar o chamamento, seguindo a orde de prelación, para a cobertura dun posto de auxiliar administrativo/a, como funcionario/a interino/a, por acumulación de tarefas, por un prazo máximo de nove meses, dentro dun período de dezoito meses.

[...]"

RECURSOS

Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán as persoas interesadas interpor alternativamente, ou recurso de reposición potestativo ante a Alcaldía, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio na sede electrónica do Concello de Vimianzo, de conformidade cos artigos 123, 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou, á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, se este radica en localidade distinta, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio na sede electrónica do Concello de Vimianzo, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.



Todo iso sen prexuízo de que se poida interpor calquera outro recurso que se estime máis conveniente en dereito.

CHAMAMENTO Á PRIMEIRA PERSOA DA BOLSA. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

Prazo de aceptación ou rexeitamento: 48 horas

No caso de aceptar, debe presentar a documentación que figura na base 8.3. no prazo de cinco días naturais contados a partir da publicación deste anuncio no taboleiro da sede electrónica do Concello de Vimianzo.

Vimianzo, 11 de setembro de 2025

A alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez